

GUIA FAMILIAS PROTOCOLOS COVID

CURSO 2020 - 2021

Durante esta difícil etapa na que nos encontramos, solicitamos a colaboración das familias, para facilitar o traballo no centro escolar. Resultan difíciles de comprender determinadas mensaxes que se transmiten a través dos grupos de whatsapp dos pais/nais do noso alumnado. Resaltar que somos docentes e non profesionais sanitarios, polo que podemos poñer a vosa disposición os medios dos que dispoñemos para que os seus fillos/as teñan un entorno escolar o máis seguro posible e, tentar seguir o Protocolo da Xunta de Galicia, dentro das nosas posibilidades.

Ao longo do verán e, durante estos días de setembro, estivemos traballando no protocolo para garantir a seguridade dos seus fillos e fillas, pero, o protocolo foi mudando continuamente e, tivemos que ir adaptándoo ás novas instrucións que se daban. **A páxina web do centro vai ser un dos vehículos oficiais de información e é recomendable que estean pendentes das novidades que vaíamos incluíndo nela.** Ademais, recibirán avisos importantes e comunicacións a través da **Rede Abalar**, polo que é convinte que o teñan instalado **TODAS AS FAMILIAS**. Existen vídeos titoriais na páxina da Xunta de Galicia: www.edu.xunta.gal/espazoAbalar.

A Dirección e o persoal do Centro estará a súa disposición, durante todo o curso escolar, en horario lectivo, para resolver ou aclarar as súas dúbidas, a través dos **teléfonos do centro e do correo electrónico**.

Durante este curso as familias non poderán entrar no centro nin permanecer nel (agás nos grupos de Educación Infantil, que poderá entrar un único membro da familia). **Se teñen que recoller ao seu fillo/a deberán avisar con antelación mediante unha chamada telefónica ao centro.** Apelamos á responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao Centro.

COMEZO DAS CLASES

O curso escolar comezará o día 10 de setembro. A incorporación do alumnado será gradual:

XOVES 10: Virán os alumnos/as de:

- 4º de Educación Infantil (3 anos), segundo o horario do período de adaptación.
- 5º de Educación Infantil (4 anos). Horario de 09:10 a 13: 50 h.
- 1º de Educación Primaria - Horario de 08:55 a 13: 50 (entrada e saída pola porta principal de Rúa Cambria)
- 2º de Educación Primaria - Horario de 08:55 a 13: 50 (entrada e saída pola cancela de vehículos de Rúa Cambria)
- 3º de Educación Primaria - Horario de 08:55 a 13: 55 (entrada e saída pola porta principal de Rúa Cambria)

VENRES 11

- 6º de Educación Infantil (5 anos). Horario de 9:00 a 13: 55 h.



- 4º de Educación Primaria - Horario de 09:00 a 14: 00 (entrada e saída pola porta principal de Marina Española)
- 5º de Educación Primaria - Horario de 08:55 a 13: 55 (entrada e saída pola porta principal de Marina Española)
- 6º de Educación Primaria - Horario de 08:45 a 13: 50 (entrada e saída pola porta principal de Marina Española)

O VENRES 11 ESTARÁ TODO O ALUMNADO NO CENTRO

ANTES DA CHEGADA AO CENTRO

Para a detección precoz da enfermidade no alumnado, deberán realizar, antes da chegada ao centro, unha autoenquisa dos síntomas (páxina web, protocolo, páxina da Xunta de Galicia). Se contesta afirmativo a algunha das preguntas do test, deberá, inmediatamente, chamar ao seu centro de saúde e avisar ao colexio. O alumno/a non acudirá a clase.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a Covid - 19, os nenos/as ou o persoal do centro que conviva con elas **NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO** ata que se coñezan os resultados da proba e sexa negativo.

O resto da información relativa a entradas, saídas, recreos, colocación de aulas, pódese atopar no Protocolo de Adptación á Covid -19 que será publicado na páxina web, para coñecemento da comunidade educativa.

De momento, as reunións presenciais das titorías non se poden celebrar debido á situación epidemiolóxica e a que están prohibidas polo Concello de Lugo e a autoridade sanitaria competente.